

O poemario que acontece como unha froita

INMA OTERO VARELA

Samuel L. París anuncia aquí un nome ben bonito e preciso para unha liña poética nova, a do "café de menos". Viría a consistir (a interpretación é algo libre, como case todas) na manifestación lingüística dunha subxectividade bastante adurmiñada. Trátase de prender pola corda desde pola mañá cedo as poéticas exaltadas do eu, sen que se explique moito o motivo. Podería ser un desexo de apartar a ansiedade crónica dunha sociedade cafeinómana ou de coser todos os peitos abertos que exhiben as mesmas hipertensións. Botar ou sacar sal na ferida. Pero o autor, igual ca outras autorías contemporáneas, parece que aposta por ampliar o foco que mira o resto do mundo como método para superar o egocentrismo.



O tenro é o salvaxe

Samuel L. París /

Galaxia / 2025 /

154 páxinas /

17,50 euros

suxeito que xa nos cansa porque non hai que perder de vista que "a lama eramos nós". Por iso hai que darlle unha volta aos pronomes, sobre todo ás primeiras persoas, aínda que haxa unha propensión cara ao "ti".

Mais tamén, se ollamos cara adiante, imponse unha lectura materialista. Cómpre pensar na finitude do mundo social, mesmo das mensaxes lingüísticas, ao revés do que se nos ten dito, porque chegará un momento en que se terán escrito "todas as metáforas posibles", tamén a que ve nos dentes "gardas civís. / Picoletos". Isto lévanos a outra constante do autor: a ironía e a irreverencia. Segue a haber metaliteratura sarcástica, leccións de risa, crítica social e xogos lingüísticos, como o poema-fábula que demostra que a frase "Agarde un rato" pode ser literal. Mais con todo, en moitos textos reflíctese unha viraxe máis grave, mesmo ás veces melancólica, sobre todo nos achegamentos ao amor, en varias das súas versións. El mesmo o reconece: "Poesía (...) pensabamos que era un xogo, / pero na tona aniñan cicatrices". Ao final, como o mundo, as relacións e os poemas, os cambios acontecen. E este, se cadra porque segue sendo coherente coa traxectoria e o estilo do autor, é un bo acontecemento. A súa lectura, tamén.

Unha nova forma de *vanitas vanitatis*: o ser humano non é tan importante, nin sequera para o propio humano, non hai máis que mirar todo o que existe na natureza. Profiláctico, realista e ecolóxico. E é así independentemente dos quilómetros que percorra a ollada, como amosa cando esculca nas orixes. Lama, auga, átomos e fricción tamén son a masa que sostén os poemas, ao tempo que no vapor que sae dun prato de sopa pode residir a divindade. Este sería outro exemplo desa corrente de poesía orgánica, por pórllle un adxectivo, que como paradoxo agocha unha vontade agónica, algo que é moi propio dese